

Addenda ao convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e especialmente nas da familia profesional Madeira, Moble e Cortiza

Santiago de Compostela, quince de setembro de dous mil dezasete

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra, don-----, presidente do padroado da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, segundo consta no artigo 17 dos estatutos da fundación e no Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

#### **EXPOÑEN**

1. Que en data vintecatro de novembro de dous mil cinco asinouse un convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, actualmente Consellería de Cultura,

Educación e Ordenación Universitaria de acordo co Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional, que, entre outras accións, contempla a implantación, na dita fundación, de ensinanzas da familia profesional de madeira, moble e cortiza. As ditas ensinanzas impártense compartidamente nas instalacións do Instituto de Educación Secundaria Antón Losada Diéguez da Estrada e nas instalacións da citada fundación. Para os seguintes cursos escolares asináronse as correspondentes addendas.

2. Que este convenio establece na súa cláusula décimo quinta o importe dos gastos ordinarios específicos de funcionamento das ensinanzas da familia profesional madeira, moble e cortiza, en concreto o ciclo formativo de grao medio Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble, que asume a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O dito importe transferirase ao Instituto de Educación Secundaria Antón Losada Diéguez da Estrada, que deberá xustificar estes gastos de acordo co Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

3. Que para dar continuidade a estas ensinanzas faise preciso, ante o novo curso escolar 2017-2018, solicitar a ampliación do convenio. Por isto, as partes que interveñen acordan asinar unha addenda, ao citado convenio, que se rexerá polas seguintes,

### **CLÁUSULAS**

**Primeira.** O estipulado na cláusula décimo quinta do referido convenio, quedará redactado da seguinte forma:

Os gastos ordinarios específicos de funcionamento das ensinanzas da familia profesional de madeira, moble e cortiza, en concreto o ciclo formativo de grao medio en Carpintería e Moble, que asume a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, estímanse nun importe máximo de 30.050 euros, para o curso escolar 2017-2018 e que se repartirán: 12.020 euros para o ano 2017 e 18.030 euros para o ano 2018, con cargo ao concepto orzamentario 10.60.422M.229 no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten

ciclos formativos. O dito importe transferirase ao Instituto de Educación Secundaria Antón Losada Diéguez da Estrada, que deberá xustificar estes gastos de acordo co Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

**Segunda.** A través desta addenda prorrógase a vixencia do convenio durante o curso escolar 2017/2018.

**Terceira.** De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, o alumnado e a fundación que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

**Cuarta.** A firma desta addenda suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos a esta addenda de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Lida a presente addenda, atópana conforme e asínana no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Educación e  
Ordenación Universitaria

O presidente do padroado da Fundación  
de Exposicións e Congresos da Estrada

Román Rodríguez González

-----